



# CONCURSO DE ESCAPARATES NADAL 2017 · VIMIANZO

## 1. ORGANIZA

Concello de Vimianzo

## 2. DIRIXIDO A

Todos os establecementos de Vimianzo, con escaparate ao público

## 3. OBXECTIVO

Premiaranse os escaparates mellor decorados en función de criterios artísticos, técnicos e comerciais, e valorarase a evocación de elementos identitarios de Vimianzo e o respecto aos dereitos das persoas consumidoras.

## 4. INSCRICIÓNS

Efectuaranse ata o 15 de decembro de 2017 no Departamento de Promoción Económica do Concello de Vimianzo a través de calquera dos seguintes medios:

- Por teléfono: 981716001, ext. 1220/1226
- Por correo electrónico: [comercio@vimianzo.gal](mailto:comercio@vimianzo.gal)
- Personándose nas oficinas do concello



## 5. PERÍODOS DE EXHIBICIÓN

As datas de exhibición dos escaparates estará comprendida, como mínimo, entre o 15 de decembro de 2017 e o 7 de xaneiro de 2018.

## 6. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Os escaparates deberán estar colocados entre o 15 de decembro de 2017 e o 7 de xaneiro de 2018 período en que os membros do xurado e o público procederán á súa valoración.

No espazo oficial do que dispón o Concello de Vimianzo en Facebook para o comercio (<http://www.facebook.com/comercio.vimianzo>) colocarse unha galería de fotos cos escaparates participantes para que os usuarios poidan engadir “me gusta”. Estas fotos poderán achegalas os propios establecementos ou pode achegarse o persoal do concello a facelas.

Os comercios terán que acreditar a súa participación ubicando, en lugar visible, o cartel que se facilitará desde a organización.

## 7. VALORACIÓN

### Premio ao escaparate máis creativo

O xurado valorará a creatividade en función do dito no punto 3 destas bases, recibindo o primeiro premio o que obteña a mellor puntuación.

### Premio ao escaparate máis navideño

O xurado valorará a ambientación navideña do escaparate en función do dito no punto 3 destas bases, recibindo o primeiro premio o que obteña a mellor puntuación.

### Premio ao escaparate máis popular

Recibirá este premio o escaparate que teña máis “me gusta” en Facebook segundo o indicado no punto 6 destas bases.



## 8. DIVULGACIÓN

Este concurso será divulgado a través da web do Concello de Vimianzo ([www.vimianzo.gal](http://www.vimianzo.gal)) e enviarase nota aos medios de comunicación.

## 9. XURADO

O fallo do xurado será inapelable e publicárase despois do 7 de xaneiro de 2018. Estará integrado por cinco persoas designadas pola Alcaldía.

## 10. PREMIOS

### **Premio ao escaparate máis creativo**

Diploma de recoñecemento

Unha cea para dúas persoas nun dos restaurantes participantes na campaña “Vimianzo Gastronómico”

### **Premio ao escaparate máis navideño**

Diploma de recoñecemento

Unha cea para dúas persoas nun dos restaurantes participantes na campaña “Vimianzo Gastronómico”

### **Premio ao escaparate máis popular**

Diploma de recoñecemento

Unha cea para dúas persoas nun dos restaurantes participantes na campaña “Vimianzo Gastronómico”



## CAMPAÑA DE PROMOCIÓN DO COMERCIO DE VIMIANZO NADAL DE 2017

Nome e apelidos:
Nome do establecemento:
Enderezo do establecemento:
Teléfono:
Correo electrónico
Páxina web:
Actividade comercial:

Estou interesado/a en participar nas seguintes accións:

- CONCURSO DE ESCAPARATES
- ENGADA OUTRAS PROPOSTAS .....

NOTA: Entregar o formulario na reunión ou contactar co Departamento de Promoción Económica (981716001-ext. 1220/1226; comercio@vimianzo.es) para comunicar, **antes do 15 de decembro de 2017**.

# COMERCIO DE VIMIANZO

